

Fórmula da
CONSAGRACIÓN DO VIÑO
en lingua vernácula

NOS, O DOUTOR DON JULIÁN BARRIO BARRIO, PO-
LA GRACIA DE DEUS E DA SÉ APOSTÓLICA ARCEBISPO
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por canto a Santa Nai Igrexa sempre tivo coidado de que as versións litúrxicas en lingua vernácula expresen co máximo rigor e fidelidade a tradición recibida do Señor (cf. 1Cor 11, 23); a Sé Apostólica aprobou, con data 3 de marzo de 2017 (Congregación para o Culto Divino e a Disciplina dos Sacramentos, Prot. N. 54/17) que, a partir de agora, para maior fidelidade ao texto latino, as palabras que pronuncia o sacerdote sobre o cáliz, na fórmula da consagración do viño, deberán ser estas:

TOMADE E BEBEDE TODOS DEL, POIS ESTE É O CÁLIZ DO MEU SANGUE, O SANGUE DA ALIANZA NOVA E ETERNA, QUE SE VAI VERTER POR VÓS E POR MOITOS PARA O PERDÓN DOS PECADOS. FACEDE ISTO EN MEMORIA DE MIN.

Polas presentes DECRETAMOS que, a partires do próximo **Domingo, día 18 de xuño de 2017, Solemnidade do Corpus Christi**, en todas as misas en lingua galega, incluídas as vespertinas de vixilia, deberá utilizarse xa esta fórmula.

Esperamos que todo os fieis, e os sacerdotes de forma moi especial, amen a celebración eucarística e a preparen e celebren con devoción e esplendor, para que a Eucaristía sexa para todos o alimento da fe, xa que é a fonte e o cumio da vida e da misión da Igrexa.

Dado en Santiago de Compostela, a día cinco de xuño de dous mil dezasete.



+ Julián Barrio Barrio
Arz. de Santiago
Por mandato da Súa Excia. Rvdma.

Elisardo Lempereau